



Dona KATHERINIE VARELA FERNÁNDEZ, portavoz do grupo municipal do Partido Popular de Monforte, ó abeiro da lexislación vixente, presenta ante a corporación do pleno municipal as seguintes preguntas para formular no vindeiro pleno do 27 de Febreiro.

### **PREGUNTA 1:**

O pasado mes de Xaneiro o Partido Popular presentou unha iniciativa para instar o goberno central a rehabilitación integral do firme da Nacional 120 no tramo que transcurre polo sur da Provincia de Lugo e que afecta a nosa cidade. Tras o anuncio feito polo Ministerio de Transportes de que se está preparando unha actuación de quince millóns de euros neste trazado, decidimos retirar a moción, sen embargo, un mes despois nada máis escoitamos sobre isto, polo que preguntamos ¿En qué situación de atopa o arranxo integral anunciado polo ministerio de 15 millóns de euros no tramo da zona sur da provincia de Lugo da Nacional 120?

### **PREGUNTA 2:**

A rede CEMIT é unha rede de aulas impulsadas pola Xunta de Galicia nos concellos para ofrecer formación e recursos dixitais ó alcance de todos os cidadáns. Existe un aula Cemit no noso concello ubicada no edificio Multiusos, sen embargo cando se busca información sobre ela figura con horario pechado e a última formación impartida que conste rexistrada é do ano 2017. ¿Que servizo ofrece o concello a través de esta aula na actualidade?

